



Recomendación dirixida á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que considere eliminar a actual restrición do Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia no relativo á aplicación das matrículas de honra, de modo que estas mencións obtidas no derradeiro ano de estudos de grao serán de aplicación, para estes efectos, exclusivamente na primeira vez que o alumnado que as obtivo se matricule nos estudos de Máster Universitario en Formación do Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, sempre que este se realice no curso académico inmediatamente seguinte

Expediente: D.3.Q/7509/22

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2021

Sr. conselleiro:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención xxxxx.

#### ANTECEDENTES

No seu escrito sinala que no curso 2020/2021 obtivo un total de 11 Matrículas de Honra, unha do TFG, polo tanto, en total, o equivalente a 72 créditos. Nese curso rematou o grao de Lingua Galega e Literatura e no inmediatamente seguinte, 2021/2022, cursou o Máster de Profesorado na USC. Con todo, non lle fixeron ningún desconto no máster (60 créditos), matrícula que tivo que pagar integramente, co argumento de non ser do mesmo ámbito de estudos (cando, por outra parte, o máster era pola vía de Linguas e Literaturas), mais polo que comprobou na normativa da USC non se contempla iso, tan só se sinala que se fará o desconto “se o alumno inicia estudos de máster na USC”:

53.4.2 Exención parcial

O alumno universitario con matrícula de honra nalgunha materia poderá aplicar o desconto por este concepto recollido no Decreto de Prezos unicamente no ano académico seguinte e para calquera materia que sexa necesaria para obter o título (obrigatoria ou optativa), sempre que pertenza aos mesmos estudos nos que se obtivo a matrícula de honra.

As matrículas de honra obtidas no último ano de estudos de grao na USC aplicaranse no curso inmediatamente seguinte, se o alumno inicia estudos de máster na USC.”

Ante iso solicitamos informe á reitoría da Universidade de Santiago de Compostela que foi remitido na data do 7 de novembro. No informe achegado, a Secretaría Xeral da universidade manifesta o seguinte:

*“En relación coa queixa presentada ante a Valedora do Pobo por xxxxx, con código de expediente D.3.Q/7509/22, a vista do seu contido, solicitouse informe ao Servizo de Xestión Académica no que se indica que:*

*I.- xxxxx presenta escrito de queixa ante a Valedora do Pobo argumentando, sucintamente, que no curso 2021-2022 non se lle aplicou a exención a que darían dereito ás matrículas de honra obtidas no Grao de Lingua e Literatura Galegas rematado no curso 2020-2021, no Máster de Profesorado desta Universidade.*

*II.- A modo de antecedente necesario cómpre salientar que o Grao de Lingua e Literatura Galegas pertence á rama de Artes e Humanidades (adxúntase a Memoria verificada do título onde consta este dato); a súa vez, o Máster en Profesorado vencéllase á rama de Ciencias Sociais e Xurídicas (de novo, adxúntase a Memoria verificada do título onde consta este dato).*

*III.-Asemade, o Decreto 103/2021, do 1 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos polo prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2021/22, norma á que se remite a convocatoria de matrícula da Universidade de Santiago de Compostela e que resulta vinculante para as Universidades do SUG, dispón no seu corpo:*

*“Artigo 11. Matrículas de honra*

*IV. O alumnado de grao e de máster universitario que obteña créditos coa mención de matrícula de honra estará exento do pagamento dos prezos públicos fixados na tarifa primeira do anexo para a primeira matrícula, nun número equivalente dos créditos de que consten as materias en que obtivese a dita mención, no curso académico inmediatamente seguinte a aquel en que obteña a dita mención, sempre que pertencan aos mesmos estudos ou a estudos da mesma rama de coñecemento.*

*Esta exención aplicarase do mesmo xeito no caso de cursar unha segunda titulación de grao ou máster universitario, na mesma rama de coñecemento e no curso inmediatamente seguinte a aquel en que se obtivo a dita mención.”*

*IV.-Á vista do expediente de xxxxx e atendendo ao artigo 11 do Decreto 103/2021, non resulta aplicable a exención solicitada pola alumna ao non cumprirse as esixencias de que o Máster de Profesorado (rama de Ciencias Xurídicas e Sociais) pertenza “aos mesmos estudos ou a estudos da mesma rama de coñecemento” que o Grao en Lingua e Literatura Galegas (Rama de Artes e Humanidades).*

*En definitiva, o artigo 11 do Decreto 103/2021, non permite aplicar a exención cando se trata de estudos pertencentes a distinta rama de coñecemento, de aí que xxxxx non poda resultar beneficiaria da exención nos termos pretendidos”.*

#### ANÁLISE

O informe do Servizo de Xestión Académica da Universidade de Santiago de Compostela responsabiliza desta falta de recoñecemento das matrículas de honra obtidas no último curso do grao ao Máster de Profesorado á regulación contida no Decreto 103/2021, do 1 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos polo prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia.

De novo, o Decreto 121/2022, do 23 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2022/23 recolle esta mesma limitación no actual artigo 11.1: *“O alumnado de grao e de máster universitario que obteña créditos coa mención de matrícula de honra estará exento do pagamento dos prezos públicos fixados na tarifa primeira do anexo para a primeira matrícula, nun número equivalente dos créditos de que consten as materias en que obtivesen a dita mención, no curso académico inmediatamente seguinte a aquel en que obteña a dita mención, sempre que pertencan aos mesmos estudos ou a estudos da mesma rama de coñecemento.*

*Esta exención aplicarase do mesmo xeito no caso de cursar unha segunda titulación de grao ou máster universitario, na mesma rama de coñecemento e no curso inmediatamente seguinte a aquel en que se obtivo a dita mención”.*

Na mesma liña do indicado en expedientes de queixa tramitados sobre esta mesma cuestión, en particular no expediente Q/3476/20, cómpre insistir na necesidade de eliminar unha restrición discriminatoria e que carece da necesaria motivación cando nos referimos a un máster habilitante que ten carácter obrigatorio para o exercicio das profesións de Profesor/a

de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades xustifica formalmente a imposibilidade de aplicar as matrículas de honra obtidas o último curso dos estudos de grao a este Máster de Profesorado cando os estudos non pertencan á mesma rama de coñecemento en que *“os estudos de máster deben conducir a unha maior especialización académica ou profesional, polo que se considera axeitado manter a necesidade de que os estudos sexan da mesma rama de coñecemento respecto dos estudos de grao cursados, de acordo co indicado no artigo 10 do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.”*

Esta argumentación ten sido reiterada noutros informes, insistindo en que os estudos de máster deben conducir a unha maior especialización académica ou profesional e, xa que logo, se considera axeitado manter a necesidade de que os estudos sexan da mesma rama de coñecemento respecto dos estudos de grao cursados.

Esta institución considera que este criterio está a xerar unha diferenza de trato non xustificada entre os alumnos que obteñen matrículas de honra no último curso de grao, que se fundamenta, exclusivamente, na adscrición formal do Máster de Formación de Profesorado á rama de coñecemento de Ciencias Sociais e Xurídicas. Deste modo, só os futuros profesores que cursaron graos pertencentes a esta rama de coñecemento, poden aplicar as súas matrículas de honra ao primeiro ano de matrícula no Máster de Profesorado. Pola contra, os alumnos que cursaron graos pertencentes ás ramas de coñecemento de Artes e Humanidades Ciencias ou Ciencias da Saúde, por exemplo, non poden aplicar as matrículas de honra aos créditos matriculados no primeiro curso, discriminando ao estudiantado que cursara graos doutros campos de coñecemento como a filoloxía, a química, a física, a matemática, ou a historia, etc.

Esta limitación para aplicar as matrículas de honra obtidas no último curso de grao aos créditos correspondentes do primeiro ano de Máster de Profesorado só no caso de que pertencan á mesma rama de coñecemento podería supoñer unha restrición non xustificada desde o momento en que cada máster, como estudos conducentes a unha maior especialización, require unhas concretas titulacións de acceso. Ademáis, no caso deste Máster habilitante, que deben obrigatoriamente cursar todos os graduados de calquera rama de coñecemento que desexen acceder á docencia, carece de sentido o criterio **dunha maior especialización académica ou profesional**, polo que decae a motivación esgrimida pola consellería.

De feito, cómpre salientar de novo que noutros decretos de prezos públicos doutras comunidades autónomas non se atopa esta limitación e tampouco na UNED:

*2. Para los casos de obtención de matrícula de honor se seguirán las siguientes normas:*

*a) Curso y estudio. Las bonificaciones por matrícula de honor serán aplicables exclusivamente en el curso académico inmediatamente posterior al que se obtuvo esta calificación en estudios universitarios oficiales con independencia de que pertenezcan al mismo título o grado de experimentalidad. No obstante, en el caso de las matrículas de honor pertenecieran al mismo curso en el que el estudiante hubiera finalizado la titulación, sólo podrán beneficiarse de esta exención los titulados por la UNED.*

*b) Matrícula. Solo se aplicará a asignaturas en primera matrícula. De no existir ninguna, se realizará un descuento equivalente a su importe.*

*c) Contenido: (...) 3.º En el caso de que la asignatura o asignaturas con matrícula de honor pertenezcan a planes renovados, Grados o Máster, el estudiante tendrá derecho a la exención en el mismo número de créditos sobre los que recayó la matrícula de honor. Los Proyectos de Fin de Carrera no generan descuento, pero sí pueden ser objeto de descuento, equivaliendo a una asignatura de 6 créditos.*

Esta institución debe insistir na recomendación de eliminar diferenzas de trato que non estean xustificadas. O Máster Universitario de Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas é unha saída moi natural para moitas titulacións. De feito, as prazas ofertadas neste Máster agrúpanse por especialidades ás que dan acceso concretas titulacións de grao. A Universidade de Santiago de Compostela publica a correspondencia de titulacións de acceso coas especialidades. A circunstancia de que o máster estea adscrito á rama de Ciencias Sociais e Xurídicas non impide a matrícula de graduados doutras ramas de coñecemento que se verían excluídos dunha bonificación por matrículas de honra que, en cambio, se lles recoñece ao estudantado cuxo grao está adscrito a esa mesma rama de coñecemento.

Esta limitación é allea ao fundamento do recoñecemento da bonificación por matrícula de honra que é premiar a excelencia académica e o rendemento nos estudos e non pode estar restrinxido pola rama de coñecemento á que eses estudos están adscritos. De feito, ese fundamento é o que xustifica a exención do pagamento dos prezos públicos fixados na tarifa primeira do anexo, por unha soa vez, no primeiro curso de ensinanza de grao, ao alumnado que inicie estudos universitarios e acredite ter obtido matrícula de honra global no segundo curso de bacharelato ou ciclo formativo de formación profesional de grao superior ou premio extraordinario de bacharelato ou de formación profesional de grao superior, sen que esta

exención en ningún momento este condicionada polo feito de que o grao pertenza á mesma rama de coñecemento dos estudos de bacharelato. O argumento da maior especialización académica sería tamén aplicable nestes supostos e, sen embargo, non se toma en consideración.

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a seguinte **recomendación**:

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades considere eliminar a actual restrición do Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia no relativo á aplicación das matrículas de honra, de modo que estas mencións obtidas no derradeiro ano de estudos de grao serán de aplicación, para estes efectos, exclusivamente na primeira vez que o alumnado que as obtivo se matricule nos estudos de Máster Universitario en Formación do Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, sempre que este se realice no curso académico inmediatamente seguinte.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo